movemento dos focolares

PALABRA DE VIDA

Maio 2026

«"Como o Pai me enviou, tamén eu envíovos" Dito isto, soprou sobre eles e díxolles: "Recibide o Espírito Santo"» (Jn 20, 21-22).

Despois de aparecerse a María de Magdala na mañá de Pascua, á tardiña daquel mesmo día o Resucitado preséntase por primeira vez entre os seus discípulos. A reacción inmediata deles é de alegría, acrecentada pola paz, esa paz verdadeira que só El pode dar (cf. Jn 14, 27): «A paz convosco» (v. 21). Alegría e paz son froitos do Espírito[1]. De feito Xesús dilles inmediatamente: «Recibide o Espírito Santo» (v. 22).

«"Como o Pai me enviou, tamén eu envíovos" Dito isto, soprou sobre eles e díxolles: "Recibide o Espírito Santo"».

O Espírito Santo non só capacita aos discípulos para a mesma misión que o Pai deu a Xesús, senón que os recrea como humanidade nova. O xesto do Resucitado que soprou sobre eles é o mesmo que o Creador fixo nos narices do home, que formou con po do chan (cf. Gn 2, 7). Así como a creación é obra continua do amor do Pai, que sostén o universo enteiro, a nova creación obrada polo Resucitado no Espírito Santo sostén continuamente á humanidade que está en camiño cara ao Reino.

A Palabra de Vida deste mes lémbranos que na nosa existencia temos unha gran posibilidad: converternos noutros Xesús. E isto é verdade para cada un de nós persoalmente, pero aínda máis comunitariamente. Xesús fala en plural aos seus discípulos, pois só xuntos, cada membro coa súa peculiaridade, poden repetir o corpo místico de Xesús.

«"Como o Pai me enviou, tamén eu envíovos" Dito isto, soprou sobre eles e díxolles: "Recibide o Espírito Santo"».

Así pois, como fillos no Fillo, temos a mesma vocación que Xesús: saídos do seo do Pai, estamos chamados a volver a El e a repetir no mundo os seus xestos e as súas palabras, acompañados pola graza do Espírito Santo. Se nos abrimos a este don, tamén nós podemos afirmar con Pablo: «E non vivo eu, senón que é Cristo quen vive en min» (Ga 2, 20).

Entón, esta palabra invítanos a profundar a nosa relación co Espírito Santo, tanto na oración como na vida de cada día, «escoitando aquela voz» e lembrando que «sen o Espíritu Santo, Dios resulta afastado, Cristo permanece no pasado, o Evanxeo é letra morta, a Igrexa é unha simple organización e a misión é propaganda. Pero co Espírito Santo, o cosmos elévase e xeme no alumeamento do Reino, Cristo resucitado está connosco, o Evanxeo é poder de vida, a Igrexa significa comuñón trinitaria e a misión é un novo Pentecostés»[2].

---

[1] O froito do Espírito é o amor, a alegría, a paz, a paciencia…» (Ga 5:22).

[2] Ignacio IV Hazin, Patriarca da Igrexa Ortodoxa Grega de Antioquía, *Consello Mundial de Igrexas*, Uppsala 1968.

«“Como o Pai me enviou, tamén eu envíovos” Dito isto, soprou sobre eles e díxolles: “Recibide o Espírito Santo”».

Andrés é un adolescente en plena crise existencial: as súas dúbidas sobre o sentido da vida, o medo ao futuro e a súa sensación de fraxilidade parécenlle montañas insuperables, e a miúdo séntese desanimado e infeliz. Alguén lle suxire falar con Chiara Lubich. Xusto antes de falar con ela, Andrés óea pronunciar en voz baixa «Espírito Santo», e comprende que Chiara está a rezar.

Durante o coloquio con ela séntese profundamente comprendido, escoitado tal como é. E recobra a paz, non porque os seus problemas desaparecesen de súpeto, senón porque agora hai alguén con quen compartilo.

«De Chiara non só recibín unha axuda concreta –confesa anos máis tarde–, senón que tamén aprendín un estilo: estar preto de quen sofre con delicadeza e comprensión, sen xulgar, tal como faría Xesús».

Isto só pode realizalo o Espírito Santo se o acollemos e deixamos que actúe en nós.

Claudio Cianfaglioni e o equipo da Palabra de Vida